

Decreto 261/1992, do 17 de setembro, polo que se amplía a composición da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas.

O Decreto 195/91, do 30 de maio, modifica o Regulamento do Consello de Comunidades Galegas como consecuencia da aprobación da nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia e do centro directivo encargado dos residentes galegos no exterior, así coma pola necesidade de regular certos aspectos procedimentais.

As experiencias alcanzadas nas reunións do Consello de Comunidades Galegas celebradas no Carballiño o verán de 1988 e na illa de A Toxa en decembro de 1991 e co fin de lograr unha maior eficacia e coordinación nas accións do mencionado consello e, de maneira especial, da súa comisión delegada, faise conveniente amplia-la composición desta última con membros que, polos seus méritos, antecedentes, obra, experiencia e recoñecida traxectoria galega ou número de asociados, teñan a condición de permanentes.

Na súa virtude, por proposta do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete de setembro de mil novecentos noventa e dous,

ARTIGO ÚNICO

Son membros permanentes da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas as institucións que, tendo recoñecida a súa galegitude, teñan mais de 50.000 asociados quedando, deste xeito, ampliada a devandita comisión.

DISPOSICIONS DERRADEIRAS

Primeira.- Facúltase ó Conselleiro da Presidencia e Administración Pública para dictalas normas que cumpran para o desenvolvemento e execución do establecido no presente decreto.

Segunda.- O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de Setembro de 1992.